



TOÑO NÚÑEZ

Alumno da promoción de 1976

“Faíscas”

A Manuel Varela Ansedes, in memoriam

I

Tardara moito en saber que era o voleibol... El era da aldea. Ben se lle notaba. Do fútbol non pasara. Pero tiña amigos avezados naquela disciplina deportiva. E comezou a acompañalos nos recreos. Por estar con eles. Algo de xeito lle debeu dar... E, grazas aos amigos, fichou polo Estudiantes... Alí, onde aquel home de bondade e sorriso infinitos era o referente. Aínda que el, o profesor-adestrador, bailaba mellor ca xogaba... Mais, ninguén lle ganaba en próximo e afectivo... Campións provinciais, campións galegos, campións do sector noroeste... Fase final do Campionato Nacional Escolar en Córdoba! Éxito sen precedentes do INEM Masculino de Lugo: os seus equipos de fútbol, balonmán, baloncesto e voleibol clasificados para as fases finais dos respectivos campionatos de España! O periodista ourensán dicía na súa crónica que non sabía ben se o balonvolea era así ou o facían daquela maneira os de Lugo... Canta bulla montaban ao longo dos partidos! Aquilo semellábase moito á felicidade plena. Unha semana en Córdoba! Inimaxinable para aquel exiliado da aldea! *El Rápido* de Mondoñedo fixera a transición Galicia-Andalucía cunha lentitude deleitosa por aquelas estradas grises daquela España gris chumbo. Troula a esgalla. Xente nova, leña verde... O mítico Bierzo. Os campos *machadianos* de Castela. Noite en Xetafe. Paseo pola cidade á procura dun tío imaxinario. *Despeñaperros*. Á fin, campos eternos de Olivos... A Córdoba dos califas! Mañá e tarde no *Patio de los Naranjos*, lugar de encontro de rapaces e rapazas enormemente concorrido. O gran pecado: non entrar no interior da fermosa mesquita. Pero... Naqueles días, a arte estaba fóra. A arte era aquela cordobesa rubia con cara de deusa que se fixara nel, tan tímido e apoucado... O primeiro bico... A redención...

II

Non tiña cartos para xogar. Pero, nos recreos, e un pouco ás tardes, antes de volver para a pensión, gustáballe ir ver como outros xogaban ao *futbolín*. Naquel enorme baixo cheo de mesas de *futbolín* e de *villar* que había na rúa Xeneral Tella. Era unha loita consigo mesmo. Porque, á vez, unha boa parte da rapazada que frecuentaba aquel local non era da súa devoción. El, inocente e medicas, sentía unha mestura de atracción e desacougo por aquel lugar. Aquela tarde de venres de principios de decembro decidira entrar. Ao pouco, sentiu ganas de ir mexar. O váter era un cortelliño escuro que había mesmo debaixo dunhas escaleiras, con dúas daquelas marcas para colocar ben os pés na posición recomendable. A porta era moi sinxela, desas ocas polo medio, e cega. Igual había tamén un lavabo eschachado.

Cando rematou a faena, quixo virar a manivela da porta para saír. Pero a pechadura non obedecía... A preocupación logo cedeu paso ao temor... Despois de numerosos intentos sen éxito, o temor xa era medo incontrolable. Deu en cavilar no caso da rapaza que desaparecera no Corte Inglés de Barcelona. Aquela que localizara a policía morta e desmembrada nun conxelador do soto daqueles almacéns de tanta sona, onde traballaba un curmán de seu veciño, a quen lle oíra contar o caso... Tráfico de órganos, seica... Coa imaxinación e o pánico desbocados, berrou. Silencio por resposta... Ninguén lle acudía... Pecharíano adrede para abrillo en canal? As ataduras do medo rebentaron e o seu pé dereito bateu na porta con todas as forzas que foi quen de xuntar. A bota e o pé atravesaron as dúas láminas de chapa de madeira da miserenta porta e fixéronse visibles dende fóra. E o estrondo foi alarmante...

Nome. Tal e tal. Apelidos. Tal e cal. Curso... Se non me traes as 500 pesetas o luns, vou ao instituto e dígolle ao director que chame o teu pai para que mas veña pagar el... Con toda a súa inocencia, nin se lle pasara polo maxín a posibilidade de mentir un algo. Non, non sabía mentir... Como había dicirlle a seu pai que fora aos *futbolíns*? Como había dicirlle a seu pai que rompera alí unha porta? Como había dicirlle a seu pai que tiña que darlle 500 pesetas para unha porta nova? De onde as había sacar seu pai, que estaba rebordado de débedas? O mellor tivera sido que o tragase o váter, desaparecer polo sumidoiro... Ademais, se non pagaba, o dono pediríalles aos preas que pasaban a vida, mañá e tarde, naquel local de perdición que fosen por el... Ben os coñecía: o Negro e os seus. Ou os de Albeiros... Ou...

Pasou a fin de semana cunha angustia insoportable, entre remorsos e un temor incontrolable á chegada do luns. As clases dese día, e dos seguintes, foron un inferno. En calquera momento chegaría o conserxe preguntando por el...

Pero os días avanzaron, moi lentos, iso si. E as feridas da vergonza, da culpabilidade e do medo deron en curar. Chegaron as vacacións de Nadal. E non pasou nada... Pouco a pouco, foi renacendo un certo alivio nos seus adentros. Non total. De cando en vez, aínda volvían as nubes, os negros pensamentos... Rematou aquel curso. E comezaron outros... Pero nunca volveu pisar aquel local.

III

A primavera andaba xa en flor. Aquelas tardes facíanse insoportables. Estudar con aquel tempo e co sangue a ferver era de heroes. E eles só eran rapazolos cheos de vida e de inocencia...Era venres. Ás oito da tarde xogaba a selección española un partido de clasificación para algún campionato. Había euforia e ganas de troula. Tocou o timbre. Ou... liberdade! Un fatado deles retrasáronse en saír e comezaron a petar nas mesas coas palmas das mans e a berrar aquilo de "Es-pa-ña, pan pan pan; Es-pa-ña, pan pan pan... O rebumbio era atronador... E chegou el, o que cortaba o bacallao... Todos ao seu despacho... Un por un:

nome, apelidos, curso... E tocoulle a súa quenda: nome, apelidos, curso... De onde es? Tal e tal e de tal... Do monte tiñas que ser!

Daquela non cavilou na humillación, iso viría tempo andando. Daquela sentiuse culpable. Moi culpable. Daquela sentiu que ser de aldea era moi mala cousa... Daquela non se decatou de que o resto dos seus compañeiros infractores eran todos da cidade...

IV

Rapaces adolescentes e mozos incipientes. Libido desbocada. Represión... As paredes daquelas aulas eran olas a presión. Camelia daba clases no INEM de Lugo. Alta, morena, con cara de virxe e corpo escultural. Transitaba, ademais, por unha primeira madurez moi sedutora e posuía un ton de voz cálido, envolvente... E uns peitos emerxentes, xenerosos... Cun currículo así, e sendo profesora dun instituto masculino, é doando entender que a maioría dos seus alumnos tivesen fantasías sexuais inconfesables con ela. A imaxinación dunha mente verde, salvaxe, reprimida... non ten límites. Nada é imposible...

Un día ofrecérase a explicarlle un tema que deran cando Loureiro estivera enfermo. Loureiro fora á súa casa e Camelia recibírao cunha bata de seda semiaberta... Toxo era fillo da froiteira onde mercaba Camelia. Unha tarde, a súa nai pediulle que lle subise unha bolsa de froita á profesora. Esta abriulle a porta e convidouno a pasar. Ela sacou a froita da bolsa, colleu un plátano e púxose a comelo con movementos voluptuosos de boca e mandíbulas. Convidouno a sentar con ela un anaco. Puxo música engaiolante... Pereira foi ao cine ver *El amor del capitán Brando*. Pereira era moi introvertido e vivía con moito sentido de culpabilidade a súa afección á masturbación compulsiva. Uns intres antes de comezar a película, apareceu Camelia na sala, xa a escuras, e o acomodador dirixiuna ata a súa fila; finalmente, sentou ao seu carón. Recoñeceuno. Saudouno. No clímax do filme, mirouno... con degoiro. Á saída, convidouno a un chocolate con churros...

Freixo era un rapaz pequenote, regordecho, fervellasverzas, intelixente e moi ocorrente. Non quitaba grandes notas porque non quería. Axustaba o seu esforzo ao grao de dificultade para ir tirando. Moi falador. E dominante. O seu mellor amigo era Buxo, un rapaz da aldea, bonachón, bulebule e bromista; e lixeiro de carácter. Os desexos de Freixo eran ordes para Buxo.

Camelia viñera impresionante ao instituto aquela tarde de maio. Traía unha camisa negra con lunares vermellos aberta ata o nacemento do escote, unha discreta minisaia negra e unhas botas de ante, negras tamén, por riba dos xeonllos. Impresionante. Freixo acordara con Buxo que este lle fixese algunha pregunta sobre as actividades do día a Camelia, mentres ela paseaba por entre os rapaces, tal e como adoitaba facer. Freixo sentaba dúas ringleiras detrás de Buxo. Este procedeu. E Camelia achegouse á mesa do aldeán e inclinouse un case nada para explicarlle, in situ, as dúbidas que o pispante finxiu ter. Porque Buxo, dúbidas, tíñaas

todas. Freixo, valéndose da regra de traballos manuais, agachouse con sixilo e, con precisión milimétrica, foi erguendo a minisaia daquela muller escultural... moi a modiño...

Todos os que estabamos da metade da clase para atrás, puidemos comprobar que Camelia traía unhas bragas vermellas con lunares negros aquel día. O rebumbio foi contido, pero abraiante. Nisto, escoitouse o ruído que produce unha regra cando percute contra o chan de baldosa... Camelia intuía algo. Pero volveuse con moita serenidade, imperturbable, e mirou cunha mirada metálica para Freixo. Freixo quedou desorientado, paralizado... A súa salvaxe libido transformouse en enerxía calórica e concentróuselle toda nas meixelas. E o seu enxeño non foi abondo para impedir que a súa face arrubiasse coma un ferro saído da forxa. Quixo dicir algo. Pero non deu. Camelia agasalloulle unha última mirada, fría coma a xeadada e penetrante coma un coitelo. Despois, volveu inclinarse sobre o caderno de Buxo e retomou a explicación con absoluta naturalidade. Sen mover un só músculo e sen producir o máis imperceptible son, Freixo respirou fondo. Moi fondo... Cando soou o timbre e Camelia saíu da clase, Freixo recolleu a regra do chan.

V

Chovera toda a mañá. Mais, ao saír do instituto, escampara. Levaba fame. Moita. E frío. Os croios da rúa Andoriñas mordíanlle os pés húmidos, escasamente protexidos por aqueles zapatos de segunda man e solas luídas que lle regalara Maciñeiras, un seu veciño maior e compañeiro de pensión, na rúa Ourense Prolongación. Andaban a botarlle o firme á rúa. Como era o xantar, non había obreiros traballando. Ía desexando que non houbera caldo, coma todos os días... En chegando á metade da rúa en obras, sentiu berros e asubíos ao lonxe. As chamadas fixéronse insistentes. Volveuse. Viñan uns tipos do instituto algo maiores ca el aos que só coñecía de vista; pero recoñeceunos de sobra, tiñan mala sona. Apurou o paso. Berráronlle que se detivese. Agardou paralizado. Achegáronse e, sen ningunha explicación, deron en agasallarlle empuxóns e patadas. Caeron ao chan el e os libros que levaba debaixo do brazo. Botouse a chorar facendo por reprimir o pranto e as bágoas. Á fin, os tunantes fuxiron e deixárono alí tirado, magoado... Non pasaba ninguén. Ergueuse, apañou as pertenzas e botou a andar. Doíalle o corpo. Pero doíalle, aínda máis, a alma... Cando chegou á pensión, perdera a fame e o frío. Nin sentía os pés mollados... Só sentía medo e desconsolo. Un medo e un desconsolo aterradores. Meteuse no seu cuarto e chorou a mares...

VI

Os patios do Masculino e do Feminino eran un campo de concentración de almas adolescentes candentes, separadas por sexos por unha valla metálica represora... Un campo de concentración de ilusións e de miradas fementas duns ollos cómplices... Os máis avanzados *ligaban* a pesares da valla inimiga... Os dedos das mans dos afortunados pasaban a fronteira prohibida... Ás veces, o frío tacto do arame compartía roces de beizos ardentes... Outros...

Outros deveciamos anhelosos por atopar resposta nos ollos desexados... Ás veces... Ás veces o aire botaba chispas...

Un amigo entregáralle unha tarxeta que se puxera de moda naquel tempo por medio da cal se solicitaba cita... ELA acudira á hora e ao lugar: recreo do día seguinte na cabina telefónica do fondo da Praza Maior. Era fermosa. Deran dúas voltas ao circuíto dos namorados... Todos os complexos e os medos posuíranos tiranos. As palabras negáranse a saír... A cada paso que daban, facíase máis difícil seguir... Era como levar unha tonelada de vergonza e de opresión ao lombo... Foran vinte minutos tan desexados... Tan angustiosos...

Nunca conseguira falar con ELA. Nin aquel día, nin nos seguintes días de toda a súa vida. Os seus beizos apegados non foran quen de bisbar nin unha daquelas fermosas palabras que lle gustaría dedicarlle... Os seus ollos, os de ELA, nunca máis alumaron para el... Tardara en curar a ferida da frustración... Cura mal o desamor...